

**Podes chorar porque se foi,  
ou podes sorrir porque viviu.**

**Podes pechar os ollos e rezar para que volva,  
ou podes abrilos e ver todo o que deixou.**

**O teu corazón pode sentirse baleiro porque  
non a podes ver,  
ou pode estar cheo do amor que  
compartistes.**

**Podes chorar, pechar a mente,  
sentir o baleiro e virarlle as costas,  
ou podes facer o que a ela lle gustaría:  
sorrir, abrir os ollos, amar e seguir.**

anónimo

# **Lectura Poética**

## **Cemiterio de San Froilán**

**Día 4 de Novembro ás 19 horas**



A festividade de Santos, popularmente moi arraigada na nosa sociedade, sempre é motivo dunha especial atención e coidado aos cemiterios e da celebración de actos de homenaxe aos difuntos.

Neste ano o Concello de Lugo deu un paso moi importante de cara á integración do cemiterio na vida social da cidade, coa organización de visitas históricas, buscando unha dimensión distinta do recinto que se proxecta á cidadanía como un lugar de repouso, de paz, de encontro persoal onde podemos descubrindo os seus recunchos a medida na que accedemos ao noso mundo interior.

Nesta perspectiva, o acto que hoxe presentamos convírtese nun canto á memoria de todos os nosos difuntos, cunha especial lembranza aos escritores, poetas, músicos e persoas relacionadas coa cultura da nosa cidade, que xacen no noso cemiterio.

A eles e elas, á súa memoria, adicamos estes poemas e estes sons de espranza.

Luisa M. Zarzuela González  
Concelleira-Delegada  
Asuntos Xerais

### **PROGRAMA**

- *Presentación a cargo da Concelleira Delegada de Asuntos Xerais, Luisa M. Zarzuela González.*
- *Iniciación do acto coa lectura de poema anónimo, por Mercedes Acebedo Prieto*
- *Actuación da coral Lugh, coa interpretación de "Alalá" e "Coro de vendedoras", da zarzuela "Non Chores Sabeliña" de Gustavo Freire.*
- *Actuación do Grupo Straniki*
- *Recital de poemas a cargo de 16 poetas:*

|                        |                      |                    |
|------------------------|----------------------|--------------------|
| Adela Figueroa         | José Blázquez        | Paloma Lugilde     |
| Antonio Núñez          | José Otero Canto     | Sara Méndez        |
| Camilo Gómez Torres    | Lola Salana          | Vicente Piñeiro    |
| Francisco Xavier Reija | Luz Darriba          | Xesús M. Valcárcel |
| Isidro Novo            | Manuel Matalobos     | Xoán Lomarti       |
| Jesús Corredoira       | Natalia Alonso Ramos |                    |